

Platón

➤ Realidade e coñecemento en Platón

Introdución histórica

Platón é un autor pertencente á filosofía grega que vive entre o 427 a.C. e o 347 a.C., sitúase, polo tanto, na fin do prolífico século V a.C. ateniense e sofre a **Guerra do Peloponeso**, que supón a quebra da talasocracia ateniense, e outros conflitos que marcan a Hélade, coma a guerra de Corinto. O predominio de Atenas tras a victoria fronte aos persas nas **Guerras Médicas** (499-449 a.C.) xerou desconfianza nalgúns polis, que encabezadas por Esparta sen enfrontaron á Liga de Delos, comandada por Atenas. A Guerra do Peloponeso comeza no 431 a.C. e remata no 404 a.C. coa derrota ateniense, á cal sucede o **goberno dos Trinta Tiranos**, un goberno de aristrócratas imposto por Esparta entre os que figuraban parentes de Platón coma Critias. No 403 a.C. **reinstaurouse a democracia** tras a revolta encabezada por Trasíbulo, que se resistira a Esparta na illa de Samos, pero a situación institucional non mellorou, como mostra a condena a morte de Sócrates motivada polos desexos de vinganza persoal. Este feito marcará a vida dos seus discípulos, especialmente de Platón, que abandonará temporalmente a cidade e se consagrará ao cultivo da filosofía en detrimento da política, malia a que anos máis tarde regrese para fundar a súa Academia, que permanecerá aberta ata o ano 529 d.C.

Platón, pois, vive tras a época de gloria ateniense, tras a construción do Partenón, tras a gran escultura de **Praxíteles** e **Escopas**, os grandes traxediógrafos **Sófocles**, **Esquilo** e **Eurípides**, o comediógrafo **Aristófanes** ou historiadores coma **Xenofonte**. Unha época de esplendor tamén da oratoria da man de **Isócrates**, **Lisias** ou **Demóstenes** e de esplendor da matemática, a astronomía e a medicina.

Polo tanto, é herdeiro da basta tradición grega, que dende o paso do mito ao logos viña apostando por un enfoque decididamente racional para aproximarse aos grandes problemas, como son os que aquí nos ocupan da realidade e do coñecemento.

Introdución conceptual

Así, a pescuda pola estrutura última do cosmos e por como o ser humano o pode coñecer é central dende o nacemento mesmo da filosofía, xa coa corrente presocrática. Autores coma **Tales**, **Anaximandro** ou **Anaxímenes** proporán un monismo dinámico, onde destacan o papel dunha unidade que subxace á multiplicidade do visible. Malia a que os primeiros autores xa

mostran unha tendencia a trascender o fenómeno inmediato na procura nun arché accesible a través da razón, aínda non desenvolverán unha actitude tan marcadamente idealista coma a que presenta Platón, cuxo modelo nos ocupa aquí. **Heráclito** insistirá no dinamismo como carácter fundamental do cosmos, se ben destacará o papel do logos coma un concepto complexo que fai referencia tanto á estrutura ínima da realidade coma á razón que a capta. **Pitágoras** deixaralle a Platón en herdanza a idea da inmortalidade da alma e o gran aprecio pola matemática (que ocupa, como veremos, un lugar elevado na xerarquía de coñecemento platónica) O punto de inflexión mais radical no pensamento grego e que, ao mesmo tempo, mostra fortes nexos coa ontoloxía e a epistemoloxía platónicas será **Parménides** de Elea. Este autor porá de manifesto a inconsistencia do mundo que percibimos polos sentidos, que vencellará ao non-ser e que está dotado das notas da aparencia, a mutabilidade, a multiplicidade e a corruptibilidade, sendo así que a vía de acceso ao mesmo, os sentidos, serán cualificados cun estatuto menor como Vía da opinión. Pola contra, e nun claro xesto dualista, o ser constituirá a auténtica realidade por detrás da aparencia, dotado de unidade, eternidade, límite e estabilidade. A el accedemos non xa polos sentidos, senón pola razón, o que chamamos a Vía da Verdade. Esta aposta tan decidida polo monismo estático abrirá profundos interrogantes no pensamento grego, sendo central atopar un xeito de conciliar o mundo dos fenómenos co mundo da razón: como pode ocorrer que todo o que vemos ao noso redor sexa só aparente cando estamos de xeito intuitivo inclinados a crer que é a única realidade? E, como é ser relacionan se é que o fan, ambas esferas deste dualismo? A filosofía presocrática posterior tentará solventar isto coas correntes pluralistas. Tanto **Anaxágoras**, coma **Empédocles** ou os **atomistas** concebirán unha materia que dun xeito ou doutro tenta acomodarse ás propiedades do ser de Parménides, especialmente no que toca a que non é unha materia móvil de xeito inmanente, é dicir, non se move por si mesma. Como se explica entón que o mundo dos fenómenos presente a característica distintiva do movemento? Por entran en concurso as forzas motrices que todos os pluralistas introducen (Amor e Odio, nous ou vórtices) e que provocan que unha materia por si mesma inerte e en eterno repouso entre no ciclo da xeración e da corrupción a través da agregación ou desagregación nun escenario dinámico. Sen embargo, as solucións pluralistas deveñen insatisfactorias a causa da súa multiplicidade e do concurso de conceptos pouco claros e pseudomitolóxicos. Isto desemboca no xiro atropolóxico levado a cabo polos **sofistas** e **Sócrates**, onde á preocupación pola physis (natureza) sucédea a preocupación polo nomos (normas e costumes). Con Platón asistimos á primeira gran síntese da filosofía grega na medida en que ambas liñas de reflexión cristalizan e se desenvolven na súa obra.

Así pois, Platón, coa súa proposta acerca da realidade e do coñecemento recolle as aportacións de toda esta longa e complexa tradición, pero ofrecerá unha solución nova que responda aos interrogantes abertos ao longo de todo o proceso do pensamento grego.

A realidade

Platón postula en obras de madurez coma a *República* un sistema que se apoia nunha **división entre o mundo sensible (cousas) e o intelixible (ideas)**, é dicir, un dualismo ontolóxico, e que é o esquema xeral sobre o que se debe comprender a visión platónica da realidade. O mundo sensible, o que percibimos polos sentidos, caracterízase por propiedades semellantes ás do non-ser parmenídeo: as cousas son múltiples, están sometidas ao paso do tempo e, polo tanto, son corruptibles.

As ideas, que se sitúan no mundo intelixible, funcionan como modelos, arquetipos e esencia. No *Timeo*, son empregados polo demiurgo para modelar o mundo sensible. Polo tanto, **teñen unha dimensión ontolóxica** e, aínda que son capturados pola intelixencia, non son, como sucederá na modernidade, algo propio da mente, senón que constitúen a verdadeira realidade. Refírense ao chamado mundo eidético (mundo das ideas), inmaterial e anterior ao mundo físico ou natural no que nos atopamos os mortais e desde o que actúa o noso pensamento (mundo sensible). As ideas teñen as seguintes **características fundamentais**:

1. As ideas son esencia, é dicir, aquilo polo que unha cousa é o que é. Así, a idea de beleza é a beleza en si e aquilo polo que as cousas son belas.
2. As ideas existen separadas das cousas particulares. Non son un mero carácter común que está nas cousas, nin conceptos ou representacións que están na nosa mente. As ideas son entidades reais independentes que existen en si.
3. As ideas son o auténtico obxecto do pensamento, polo que son as designadas pola palabra, o obxecto da definición e da ciencia. A partir deste coñecemento os seres sensibles poden ser captados polo entendemento e reciben a súa denominación: pola idea de beleza unha cousa pode denominarse como bela. Constitúen **a verdade e o ser**: coñecer a verdade dos obxectos sensibles significa coñecer a súa razón de ser. Esta razón de ser é a Idea: as cousas son en razón das ideas (modelos) que lle corresponden. Son a verdade e a verdadeira realidade e por iso constitúen a forma do verdadeiro coñecemento (**coñecemento do universal**). Polo tanto, para Platón só haberá ciencia verdadeira se trata o coñecemento das ideas.

4. As ideas gozan das características do ser de Parménides: cada idea é única, eterna e inmutable. Polo contrario, as cousas particulares son múltiples, temporais e mutables. As ideas non son realidades corpóreas e, polo tanto, tampouco son realidades sensibles, senón intelixibles, é dicir, non se poden captar polos sentidos. Ademais, non se esgotan nas cousas particulares, senón que son absolutas, funcionando como modelos únicos de algo múltiple.
5. O mundo intelixible no que habitan as ideas é unha realidade ordenada xerarquicamente: na cúspide está a idea de un ou de ben, no seguinte escalón as ideas máis xerais como a de ser, quietude, movemento, identidade e diversidade; máis abaixo están as ideas das virtudes morais; despois a dos distintos tipos de seres vivos e obxectos naturais e finalmente os entes matemáticos e figuras xeométricas.
6. Os obxectos do mundo sensible, captados polos **sentidos**, son copias das formas ou ideas. Trátase de copias imperfectas das ideas que manteñen a relación que cada copia ten co seu modelo. Esta **relación** pódese expresar de **tres xeitos**:
 - a. A copia é unha imitación do modelo (**Imitación**, Mímesis): as cousas do mundo sensible imitan os modelos do mundo intelixible.
 - b. A copia participa en "algo" do modelo (**Participación**, Mezesis): as cousas participan en características que están na máxima perfección no modelo. Pero esta participación está sempre nun grao inferior con respecto ao modelo.
 - c. Na copia hai unha presenza do modelo (**Presenza**, Parousía): o grao de participación é o que a idea está no modelo.

Polo tanto, as ideas non son inmanentes, non son principios que se corresponden coas cousas, senón que son transcendentales, é dicir, transcenden a sensibilidade física e son a súa razón de ser.

Así, o mundo sensible, composto pola materia e as copias das ideas, corresponderá ás características do seu compoñente principal: a materia. **A materia sempre está suxeita a cambios, movemento, nacemento, evolución e corrupción.** Deste xeito, neste mundo será imposible falar do que son as cousas, xa que todo está suxeito a un cambio permanente.

Para Platón, **onde hai cambios, é imposible atopar a verdade das cousas, xa que a verdade é para sempre, a verdade do eterno (atemporal), a verdade do universal.** Así, o mundo sensible permanece como un mundo de aparencia, de realidade (realidade que parece ser pero non é), un mundo de non verdade, é dicir, do que non é (non ser). Deste xeito, só é posible falar

de doxa (opinión). Se a natureza só é unha copia, entón a natureza é unha copia do verdadeiro mundo, do mundo intelixible, da verdadeira realidade. Esta diferenza ontolóxica tan marcada sérvenos para introducir a segunda parte da nosa cuestión: o coñecemento segundo Platón.

O coñecemento

Platón propuxo unha teoría do coñecemento que divide o saber en catro grados que se corresponden co dualismo ontolóxico, pois dous son sensibles e dous intelixibles. Podemos, pois, falar dun dualismo empistemolóxico neste autor. Estes grados están representados na súa alegoría da Caverna e no chamado "Línea Dividida". Os catro grados son: a imaxinación, a creencia (ou opinión), a entendemento e a intelixencia.

1. **Imaxinación (eikasía):** Este é o grao máis baixo de coñecemento. É o mundo das sombras, das aparencias, dos reflexos. No contexto da alegoría da Caverna, é o estado dos prisioneiros que só ven as sombras proxectadas na parede da caverna e pensan que esa é a realidade. Non se trata de coñecemento real, senón de meras suposicións baseadas en imaxes e reflexos.
2. **Creencia (pístis):** Este é o grao do coñecemento baseado na creencia ou opinión. Refírese ao coñecemento do mundo físico e material que nos rodea. É un nivel superior á imaxinación, xa que está baseado en obxectos reais, pero aínda está limitado porque só abrangue a aparencia das cousas, non a súa verdadeira esencia.
3. **Entendemento (diánoia):** Este é o grao de coñecemento que se alcanza a través do razonamento lóxico e matemático. Aquí, as ideas son entendidas a través de hipóteses e demostracións. Aínda que este nivel de coñecemento está máis próximo á verdade, aínda é limitado, xa que as ideas son entendidas a través de representacións, non en si mesmas.
4. **Intelixencia (noesis):** Este é o nivel máis alto de coñecemento, o que Platón considera a verdadeira sabedoría. Aquí, as ideas son entendidas en si mesmas, non a través de representacións. É a coñecemento das Formas, ou Ideas, que Platón considera a verdadeira realidade.

Ademais desta xerarquización do coñecemento, a epistemoloxía platónica inclúe a **teoría da reminiscencia**, que completa e culmina a exposición do ateniense acerca do coñecemento.

A teoría da reminiscencia de Platón é unha teoría filosófica que propón que **o coñecemento é innato e "lembrado" máis que aprendido**. Esta teoría está profundamente ligada á teoría das Formas ou Ideas de Platón e á súa concepción da **metempsicose** (transmigración das almas). O fundamento da teoría da reminiscencia é que **a alma é inmortal** e, antes da súa encarnación no corpo humano, existiu no mundo das Formas ou Ideas, un reino que é eterno, inmutable e que contén as esencias perfectas das cousas. Durante a súa estadía alí, a alma coñece e comprende estas Formas. Así pois, **a alma será un intermediario** entre o mundo sensible e o intelixible.

Cando a alma se encarna nun corpo humano, esquece todo o que sabía no mundo das Formas debido ao trauma do nacemento e ás distraccións do mundo sensible. Porén, o coñecemento das Formas aínda reside na alma e pode ser "lembrado" a través da experiencia e da reflexión.

Por tanto, para Platón, aprender non é realmente adquirir novos coñecementos, senón recordar o coñecemento que a alma xa posuía. Este proceso de "lembranza" chámase **anamnesis ou reminiscencia**. Segundo esta teoría, a reminiscencia actívase principalmente a través da filosofía e do razoamento dialéctico. Deste xeito, o proceso de ascenso polos graos de coñecemento anteriormente expostos, é un proceso de lembranza paulatina e ascenso cara ao mundo do que a alma provén e ao que pertence esencialmente, o inteleixible.

Nun dos seus diálogos máis famosos, o "Meno", Platón presenta un experimento de pensamento no que Sócrates demostra a teoría da reminiscencia. Sócrates guía a un escravo analfabeto a través dunha serie de preguntas ata que o escravo chega a entender un teorema de xeometría. A idea é que o escravo non aprendeu este coñecemento de Sócrates, senón que o lembrou a través da dialéctica.

Vinculando isto cos autores precedentes a Platón, podemos mencionar especialmente a figuras pre-socráticas como **Pitágoras e Heráclito**. Pitágoras e os pitagóricos tiveron unha influencia significativa sobre a visión platónica da inmortalidade da alma e a transmigración das almas, que son fundamentais para a teoría da reminiscencia. Heráclito, por outro lado, influenciou a Platón coa súa visión de que o mundo sensible está en constante cambio, o que contrasta coa visión platónica dun mundo de Formas inmutables que a alma coñece antes da encarnación.

En síntese, **o sabio para Platón é aquel que completou este tránsito e atinxiu o nivel de coñecemento máis elevado (noesis)**. Esta persoa agora comprende as Formas, a verdadeira realidade, e por tanto, é capaz de gobernar xustamente na sociedade. Para Platón, só aqueles que son filósofos e que atinxiron este nivel de coñecemento deben ser os gobernantes da cidade, como defende na súa idea de "filósofo rei".

Neste sentido, o tránsito polo coñecemento ten unha implicación moral e política importante para Platón. Non só serve para obter a verdade e a sabedoría, senón que tamén forma a base da xustiza e do goberno ideal.

Versión do 21 de maio de 2023